

Autorizacións 2024-2025

Don/Dona,

con DNI/NIE número, e como

- Persoa proxenitora
 Persoa titora
 Persoa acollidora

do/a alumno/a menor de idade.

O alumnado maior de idade cubrirá só o último apartado "Uso de dispositivos móbiles e outros dispositivos electrónicos"

Autorización do uso da imaxe do alumno/a para a divulgación de actividades escolares

- AUTORIZO
 NON AUTORIZO

ao IES de Cacheiras dependente da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional para que a imaxe do alumno ou alumna poida aparecer no material gráfico e audiovisual que se difunda desde o centro escolar a través dos recursos educativos en liña, páxinas web, redes sociais, revistas e outras publicacións deste.

Os recursos educativos mencionados son de carácter universal, gratuíto e aberto, e están suxeitos exclusivamente a un uso educativo e non comercial. As accións, os produtos e as utilidades derivadas da súa utilización non poderán, en consecuencia, xerar tipo de lucro ningún.

Así mesmo, a autorización implica o consentimento para que, dada a natureza e o obxecto dos recursos educativos a que nos estamos a referir, a imaxe do alumno ou alumna poida ser cedida a terceiros (sempre que a referida cesión se axuste ás condicións expresadas no parágrafo anterior) incluída a prensa escrita, dixital ou audiovisual, co único fin de difundir e divulgar as actividades escolares.

A presente autorización entenderase feita a título gratuíto e as imaxes serán conservadas durante o tempo necesario para a consecución das finalidades indicadas ou, no seu caso, en tanto as persoas interesadas non retiren o consentimento outorgado.

LEXISLACIÓN APLICABLE

O alumnado menor de 18 anos ten, entre as proteccións que lle proporciona a legalidade vixente (artigos 8 e 47 da Lei 3/1997, do 9 de xuño que regula a familia, a infancia e a adolescencia -DOG do 20 de xuño-) a da propia imaxe, que non pode ser utilizada sen o permiso expreso dos pais/nais ou titores legais.

Autorización de regreso ao domicilio (só alumnado que non emprega o transporte escolar)

- AUTORIZO
 NON AUTORIZO

ao meu fillo/a a saír só/súa do recinto escolar unha vez rematada a xornada lectiva para regresar ao seu domicilio. (No caso de non autorizar, o alumnado non poderá saír do centro ata que sexa recollido e deberemos concretar con vostede o procedemento a seguir).

LEXISLACIÓN APLICABLE

Instrución conxunta 9/2017 da secretaría xeral técnica e da dirección de centros e recursos humanos, pola que se establecen recomendacións sobre a saída dos alumnos escolarizados nos centros educativos públicos da comunidade autónoma galega ao remate do horario lectivo e sobre a recollida deles nas paradas establecidas no transporte escolar.

Recollida do alumnado na parada (só alumnado usuario do transporte escolar)

- AUTORIZO
 NON AUTORIZO

ao meu fillo/a a baixar só/súa na parada de transporte. (No caso de non autorizar o alumnado deberá ser recollido na parada).

LEXISLACIÓN APLICABLE

Instrución conxunta 9/2017 da secretaría xeral técnica e da dirección de centros e recursos humanos, pola que se establecen recomendacións sobre a saída dos alumnos escolarizados nos centros educativos públicos da comunidade autónoma galega ao remate do horario lectivo e sobre a recollida deles nas paradas establecidas no transporte escolar.

Uso de dispositivos móbiles e outros dispositivos electrónicos

Coñezo que non está permitido o emprego de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos durante os períodos lectivos e tempos de lecer segundo o establecido no artigo 19.4 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar e da Orde de 4 de xaneiro de 2024 sobre o uso dos teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos nos centros educativos, exceptuarase desta restrición o emprego proporcionado e razoable dos dispositivos por cuestións de oportunidade ou necesidade, médicas ou de outra índole, sempre e cando o motivo estea xustificado da maneira que se considere en cada caso atendidas as circunstancias, e así sexa autorizado pola dirección do centro, ou, de non ser isto posible, polo profesorado. No caso de incumprimento serán aplicables as medidas correctoras contempladas no regulamento de réxime interno.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

Orde de 4 de xaneiro de 2024 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades sobre o uso dos teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos nos centros educativos

Sinaturas

Persoa proxenitora, titora ou acollidora (solicitante)	Consentimento da outra persoa proxenitora, titora ou acollidora	Alumnado maior de idade
Asdo.:	Asdo.:	Asdo.:
Cacheiras, a de de 202...		